



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 21 de xaneiro de 2026, ditou con número a seguinte

RESOLUCIÓN :

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: ADHESION CONVENIO PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS. EXPEDIENTE 2026/G003/000092.

EXPEDIENTE: 2026/A006/000001

Vista a Resolución da Consellería do Medio Rural, do 15 de decembro de 2025, pola que se publica o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da consellería citada, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.S. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión pública da biomasa nas faixas secundarias (DOG nº 250, do 29/12/2025) (en adiante, Convenio).

Considerando que, segundo a cláusula terceira do Convenio, calquera concello galego que dispoña de Plan municipal de prevención de incendios forestais poderá acceder ao sistema público de xestión e á colaboración técnica e económica prevista no Convenio, mediante a súa adhesión voluntaria.

As solicitudes de adhesión, de acordo co modelo do anexo I do Convenio, serán dirixidas á Comisión de Seguimento do convenio prevista na cláusula décimo terceira e poderán presentarse en calquera momento.



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Considerando que na solicitude deberá constar obrigatoriamente a data de aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais. A dita solicitude implicará a aceptación de todas as cláusulas do convenio sen posibilidade de reserva ou excepción. A formalización da solicitude de adhesión deberá ser autorizada polo órgano competente do concello.

Considerando que o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Teo”, elaborado polo SEAGA e informado favorablemente pola Dirección Xeral de defensa do monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o 1 de xullo de 2020, e sometido a a exposición pública, por un período de 20 días (BOP 08/07/20200), considerándose definitivamente aprobado ao non presentarse alegacións durante o prazo habilitado ao efecto.

Tendo en conta que o municipio de Teo está na zona ZAR (Zona de Alto Risco de Incendio) e que a maioría dos núcleos de poboación atópanse en zona de influencia forestal, sería conveniente para os interese municipais solicitar a adhesión ao citado convenio.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da consellería de Medio Rural, e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.S. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión pública da biomasa nas faixas secundarias (DOG nº 250, do 29/12/2025).



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Segundo.- Remitir a solicitude de adhesión á Comision de Seguimento do Convneio prevista na cláusua décimo terceras do mesmo.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da Sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Vº e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz